



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 22 DE MARZO DE 2021

ORDE DO DÍA

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00012485P.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Apróbanse as actas.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1297/2020.

Rectificación do punto segundo do acordo de concesión de licenza.

Acórdase RECTIFICAR o PUNTO SEGUNDO do acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do 08/03/2021 no sentido de facer constar que onde di:

“CONCEDER licenza para o proxecto básico de data de visado do 26/08/2020 e a documentación presentada o 31/12/2020 e o 25/01/2021....”

debe decir:

“CONCEDER licenza para realizar a REHABILITACIÓN e AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR na RÚA POZA REAL DE ARRIBA (DA), 11B SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA) segundo o proxecto básico e de execución de data de visado do 26/08/2020 e a documentación presentada o 31/12/2020 e o 25/01/2021...”

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1536/2020.

Licenza de demolición.

Acórdase CONCEDER a APARTAMENTOS Y CENTROS NEGOCIOS CANCELAS SL licenza de obra DE DEMOLICIÓN de edificación existente na AVDA ROMERO DONALLO (DE), 90, SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA), consonte proxecto con data de visado de 23.05.2020, cun orzamento de execución material de 48.180,57 euros, baixo a dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde do proxectista. As actuacións consistirán en DEMOLICIÓN de edificación existente A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza 2. Cuarteirón do PXOM.

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/413/2020.

Legalización edificación auxiliar uso de garaxe.

Acórdase CONCEDER a LEGALIZACIÓN EDIFICACIÓN AUXILIAR USO GARAXE no BARRO GUADALUPE (DE), SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA), segundo o proxecto presentado o 12/03/2020 e a documentación complementaria presentada o 01/07/2020 e o 15/12/2020 cun orzamento de execución material de 8.390,00 euros.

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1929/2019.

Licenza para agrupacion e segregacion de parcelas

Acórdase CONCEDER licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme a memoria presentada o 31/10/2019 e a documentación presentada o 03/12/2019, o 04/08/2020 e o 14/01/2021, AGRUPACIÓN E SEGREGACIÓN das fincas Parcela con Referencia Catastral 4389504NH3448G0001LX, Parcela con Referencia Catastral 0029301NH4403A0001XJ, e Parcela con Referencia Catastral 4389503NH3448G0001PX situadas no LG CODESEDAS SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA), nas seguintes parcelas de resultado:

- PARCELA RESULTADO A. Solo Clasificado como Solo Núcleo Rural Categoría Consolidado e Cualificado como Ordenanza 14. De expansión dos núcleos rurais. Superficie 711m²s
- PARCELA RESULTADO B Solo Clasificado como Solo Núcleo Rural Categoría Consolidado e Cualificado como Ordenanza 14. De expansión dos núcleos rurais. Superficie 711m²s
- PARCELA RESULTADO C. Solo Clasificado como Solo Núcleo Rural Categoría Consolidado e Cualificado como Ordenanza 14. De expansión dos núcleos rurais. Superficie 709m²s

As licenzas entenderanse outorgadas salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1346/2019.

Modificación licenza para a instalación de ascensor

Acórdase CONCEDER a CD CONSTRUCCION REHABILITACION Y REFORMAS SLU a modificación da licenza outorgada na Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do 02/12/2019, para a INSTALACIÓN DE ASCENSOR no edificio situado na RÚA DOUTOR MACEIRA (DO), 22 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA).

7. PATRIMONIO. Referencia: 2021/00012064R.

Proposta de dación de conta e modificación do acordo da XGL do 21.4.2017

Dase conta da modificación, resultado da corrección do erro existente no parágrafo primeiro do acordo da XGL do pasado 21.04.2017 (punto 8 da Orde do día) que quedaría redactado da seguinte maneira:

“ Aceptar a cesión gratuíta a favor do Concello de Santiago efectuada mediante escritura de segregación cesión de viais núm. de protocolo 1015 de data 2.5.2014. Nesa escritura, da finca matriz rexistral núm. 6723. tomo 1037 do Rexistro da propiedade núm. 1, segréganse 3 fincas e, de cada unha delas e do resto que queda da matriz, ceden ao Concello os espazos que se describen e que teñen a seguinte superficie: finca segregada 1: 170 m², finca segregada 2: 215,11 m², finca segregada 3: 214,88 m², e resto da matriz: 193,79 m². ”

8. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/15/2016.

Subministración mediante “renting” de oito (8) vehículos monovolumen para a policía local”. Quilómetros non consumidos durante o primeiro ano de alugueiro respecto dos quilómetros /ano estimados.

Acórdase requerir á empresa **AUTOS IGLESIAS, S.L.**, adxudicataria do contrato

“Subministración mediante “renting” de oito (8) vehículos monovolumen para a policía local” para que abone a cantidade de **7.964,84 euros** sen IVE polos quilómetros non consumidos durante o primeiro ano de alugueiro respecto dos quilómetros/ano estimados. Corresponden a quilometraxe do ano 2017.

9. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/15/2016.

Subministración mediante “renting” de oito (8) vehículos monovolumen para a policía local”. Quilómetros non consumidos durante o segundo ano de alugueiro respecto dos quilómetros /ano estimados.

Acórdase requerir a empresa **AUTOS IGLESIAS, S.L.**, adxudicataria do contrato “Subministración mediante “renting” de oito (8) vehículos monovolumen para a policía local” para que abone a cantidade de **6.923,52 euros** sen IVE polos quilómetros non consumidos durante o segundo ano de alugueiro respecto dos quilómetros/ano estimados. Corresponden a quilometraxe do ano 2018.

10. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/15/2016.

Subministración mediante “renting” de oito (8) vehículos monovolumen para a policía local”. Quilómetros non consumidos durante o terceiro ano de alugueiro respecto dos quilómetros /ano estimados.

Acórdase requerir a empresa **AUTOS IGLESIAS, S.L.**, adxudicataria do contrato “Subministración mediante “renting” de oito (8) vehículos monovolumen para a policía local” para que abone a cantidade de **11.944,59 euros** sen IVE polos quilómetros non consumidos durante o terceiro ano de alugueiro respecto dos quilómetros/ano estimados. Corresponden a quilometraxe do ano 2019.

11. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/15/2016.

Subministración mediante “renting” de oito (8) vehículos monovolumen para a policía local”. Quilómetros non consumidos durante o cuarto ano de alugueiro respecto dos quilómetros /ano estimados.

Acórdase requerir a empresa **AUTOS IGLESIAS, S.L.**, adxudicataria do contrato “Subministración mediante “renting” de oito (8) vehículos monovolumen para a policía local” para que abone a cantidade de **8.259,04 euros** sen IVE polos quilómetros non consumidos durante o cuarto ano de alugueiro respecto dos quilómetros/ano estimados. Corresponden a quilometraxe do ano 2020.

12. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/54/2015.

Subministración mediante “renting” dun vehículo todoterreo para a policía local (lote II). Quilómetros non consumidos durante o cuarto ano de alugueiro respecto dos quilómetros /ano estimados.

Acórdase requerir a empresa **PATRIMONIAL FERANPE, S.L.**, adxudicataria do contrato “Subministración mediante “renting” dun vehículo todoterreo para a policía local (lote II)” para que abone a cantidade de **867,47 euros** sen IVE polos quilómetros non consumidos durante o cuarto ano de alugueiro respecto dos quilómetros/ano estimados. Corresponde a quilometraxe do ano 2019.

13. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/23/2016.

Devolución fianza “Ampliación rede de abastecemento de auga na Sionlla de Abaixo”. CON/33/2016.

Acórdase autorizar a devolución da fianza constituída pola empresa, **ESPINA Y DELFIN, SL**, por importe de 1.223,35 euros, para responder do contrato de “Execución das obras do Proxecto de ampliación da rede de abastecemento en Sionlla de Abaixo (incluído na 4ª fase do PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS)” . CON/33/2016

14. ACCIÓN SOCIAL. Referencia: CON 25/2020 UMAD.

Reanualización económica do contrato de Prestación do servizo DE VIXIANZA NAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS: LOTE I (VIXIANZA DAS DEPENDENCIAS DA UMAD) CON 25/2020.

Apróbase a reanualización económica do Lote I do contrato de SERVIZO DE VIXILANCIA DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS CON/25/2020, co fin de axustalo á realidade da prestación, establecéndose as cantidades seguintes segundo cada anualidade, a expensas do que establezan ao respecto os servizos municipais de contratación e intervención:

- Anualidade 2020: Lote I 12.319,59 euros.
- Anualidade 2021: Lote I 49.278,46 euros.
- Anualidade 2022: Lote I 49.278,46 euros
- Anualidade 2023: Lote I 36.985,87 euros

15. EDUCACIÓN. Referencia: 2021/013.

Dar conta da xustificación da subvención correspondente á convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para o mantemento de conservatorios, escolas de música e escolas de danza municipais durante o ano 2020. programa FO207/2020.

Dase conta da xustificación da subvención concedida pola Deputación da Coruña (resolución da Presidencia 2020/22596, BOP do 24 xullo de 2020, nº 115) ao concello de Santiago de Compostela ao abeiro da Convocatoria de subvencións da Deputación da Coruña para o mantemento de conservatorios, escolas de música e escolas de danza municipais 2020. (F0207/2020).

“Subvención para o mantemento da Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela”

Importe: 10.000,00€

Obxecto da subvención: Mantemento da Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela durante o ano 2020.

16. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00012485P.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 12 ao 17 de marzo de 2021.

Dase conta.

URXENCIAS

1. Resolución do contrato de execución das obras de mellora de equipamentos deportivos e sociais na parroquia de Figueiras. CON/57/2018.

Acórdase resolver o contrato suscrito coa empresa MECANO OBRAS Y REFORMAS SL para a execución das obras de “MELLORA DE EQUIPAMENTOS DEPORTIVOS E SOCIAIS NA PARROQUIA DE FIGUEIRAS”, concluíndo así o expediente iniciado mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 7 de decembro de 2020, con causa na demora tipificada no artigo 211.f) da LCSP, ao quedar acreditado que o atraso deriva da súa falta de previsión durante a preparación da oferta no proceso de licitación, ao non concertar entón o provedor da estrutura prefabricada definida no proxecto de execución.

A garantía definitiva constituída por importe de 10.540 euros será incautada e a empresa contratista deberá ademais indemnizar á Administración os danos e perdas ocasionados no que excedan deste importe, que resultarán da tramitación do correspondente expediente contradictorio.

Acórdase que, unha vez incorporados ao expediente os informes da Asesoría Xurídica e da Intervención municipais, solicitar o informe preceptivo do Consello Consultivo de Galicia consonte ao establecido no artigo 191.3 da LCSP, con carácter previo á adopción do acordo de resolución do contrato e acordar a suspensión deste procedemento polo tempo que medie

entre a petición do informe do Consello Consultivo e a súa emisión ao amparo do establecido no artigo 22.1.d) da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. LICENZA PARA A CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR. LIC/1639/2019

Acórdase CONCEDER licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o Proxecto básico e de execución de data de visado do 17/09/2019, xunto cos “Anexo Modificado” de data de visado do 20/01/2020; a CONSTRUCCIÓN DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR na RÚA CAMPO DE SANTO ANTONIO (DO), 17 SANTIAGO DE COMPOSTELA, cun orzamento de execución material de 180.573,12 euros.

3. LICENZA PARA REHABILITACION DE VIVENDA UNIFAMILIAR. LIC/684/2020

Acórdase CONCEDER licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 18/05/2020) e a documentación anexa visada o 17/09/2020, redactados p olos arquitectos Álvaro Marín Durán e Alfonso Castro Lorenzo, a REHABILITACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR situada na RÚA CAMPO DO FORNO (DO), 12 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA), cun orzamento de execución material de 134.100,00 euros.

4. CONVALIDACIÓN DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE , PARA A POSTA EN MARCHA DO PROXECTO DE O. E. “SANTIAGO SUSTENTABLE III”, DIRIXIDO A PERSOAS MOZAS. 00012563V

Acórdase convalidar a solicitude de subvención, formulada á Convocatoria das axudas e subvencións para os programas de emprego dirixidos a persoas mozas incluídas no ficheiro de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, ao abeiro da Orde de 31 de decembro de 2020, e base ao Proxecto de Obradoiro de Emprego “SANTIAGO SUSTENTABLE III” nos términos que constan na memoria que se une a dito proxecto, e que contempla a execución das seguintes actuacións a realizar na etapa de formación en alternancia:

1. *“Análise, deseño e construción dunha app no ámbito das arbores e os bosques de Compostela en realidade Virtual e Aumentada”, e*
2. *“Desenvolvemento dun asistente virtual e chat intelixente para facilitar o acceso á información existente na web corporativa e a utilización da sede electrónica do Concello de Santiago de Compostela”.*

Acórdase comprometer ó financiamento da parte do custo do proxecto que non sexa subvencionada pola Consellería de Emprego e Igualdade. Os gastos correspondentes ao Concello por importe total de 32.570,04 €, satisfaranse do seguinte xeito:

- Anualidade 2021: contía de 10.000 euros.
- Anualidade 2022, contía de 22.570,04 euros

O proxecto ten cunha duración prevista de 12 meses e unha especialidade formativa: Desenvolvemento de aplicacións con tecnoloxías web, que inclúe os certificados de profesionalidade de: DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓNS CON TECNOLOXÍAS WEB (IFCD0210), e DESENVOLVEMENTO DE PRODUCTOS MULTIMEDIA INTERACTIVOS (IMSV0209)

Número de alumnos/as traballadores/as: 16

Duración do proxecto: do 1 de outubro de 2021 a 31 de setembro de 2021.

O custe do proxecto é de 402.062,36 euros, dos que 369.492,32 son aportados pola consellería de Emprego e 32.570,04 euros polo concello de Santiago.

5. PROCEDEMENTO: 2021/00012077Z. Procedementos administrativos

Acórdase agardar á da sentenza nº 28/2021 do Xulgado de 1ª instancia núm. 3, e que a Xunta de Goberno tome conta. Comunicarase ao departamento de Patrimonio e á Dirección de área de urbanismo para os efectos do seu coñecemento e de estudar, de estimalo oportuno, outras medidas de defensa do patrimonio municipal.